

Ovación xeral para a catedrática da USC Mabel Loza co seu premio Wonenburger

Concedido pola Unidade da Muller e Ciencia da Xunta de Galicia, foi entregado onte no Hostal dos Reis Católicos



FOTO: Antonio Hernández

Comentar (0) Imprimir Enviar por correo



ROSA CANO SANTIAGO



Durante o acto de entrega onte en Santiago do Premio María Josefa Wonenburger a Mabel Loza, catedrática de Farmacoloxía de la Universidade de Santiago (USC), a ovación no Hostal dos Reis Católicos foi unánime nun acto con moitos asistentes do eido político, cultural e social.

Na cita, presidida polo presidente do Goberno galego, Alberto Núñez Feijó, o titular da Xunta aseverou que iniciativas como este galardón achegan ás galegas máis novas referentes, cuxa traxectoria lles di "ti tamén podes facelo".

"Neste premio, que recibe Mabel Loza, convócannos dous consensos: a certeza de que a ciencia é clave para o noso progreso como sociedade; e o convencemento de que a igualdade tamén é unha panca de desenvolvemento para a ciencia e para o conxunto do país", abundou.

E no tocante á premiada, resaltou o compromiso inquebrantable de Mabel Loza coa importancia da ciencia e do coñecemento para avanzarmos como sociedade. Un compromiso que desenvolve cada día desde o prestixioso grupo BioFarma da USC.

"Como Wonenburger, Loza realizou estancias fóra, no seu caso, no Centro Médico Monte Sinaí de Nova York. Pero continuou a súa carreira científica en Galicia, desde a mesma alma máter na que se formou, a USC, e o eco das súas investigación traspasa as nosas fronteiras", expuxo, subliñando ademais a súa participación na creación de tres compañías.

O premio Wonenburger é concedido pola Unidade da Muller e Ciencia da Xunta de Galicia.

1.500 alumnos O presidente do Goberno galego, destacou tamén que máis de 1.500 alumnos de secundaria participaron xa no proxecto para achegar referentes femininos e potenciar as vocacións STEM -ciencia, tecnoloxía, enxeñaría e matemáticas- entre as nenas e mozas para pechar a fenda de xénero nestes estudos.


E precisou que a través desta iniciativa, os rapaces coñeceron referentes femininos en sectores laborais onde aínda non hai paridade de xénero, co obxectivo de concienciar a cada alumno de que poden ser o que queiran ser. E resaltou que, ata hoxe participaron nestas charlas 8 mulleres referentes galegas (entre elas 3 premios Wonenburger) en 13 centros educativos.

"Traballamos e seguiremos traballando con ferramentas coma esta", dixo, referíndose tamén ao Programa galego de muller e ciencia 2016-2020. Nesta liña, lembrou que, se ben a proporción de mulleres matriculadas nas universidades galegas supera en case 11 puntos á dos homes, a súa presenza en Ciencias da Saúde (73%), en Ciencias sociais e xurídicas (60%) e en Artes e Humanidades (66%) é claramente maioritaria,

CURRÍCULO DE PRESTIXIO ACADÉMICO

- Mabel Loza é catedrática de Farmacoloxía e responsable do grupo de investigación BioFarma da Universidade de Santiago de Compostela.
- Patroa fundadora e codirectora científica da Fundación Kærtor xunto co tamén profesor da USC Ángel Carracedo, Loza conta cunha activa participación en programas públicos e privados no ámbito do descubrimento temperán de fármacos no eido español e europeo.
- Foi investigadora en máis de cen proxectos de investigación, en 89 como investigadora principal. Participou en diferentes candidaturas a fármacos que chegaron a ensaios clínicos en pacientes, dentro de programas de transferencia de I+D coa industria farmacéutica.
- É autora de diversos libros e capítulos de libros, así como de 162 artigos en revistas indexadas no Journal Citation Report. Supervisou 23 teses de doutoramento coa cualificación máis alta, e 90 traballos de investigación de posgrao.
- Tamén é revisora de varias revistas nas áreas de farmacoloxía, química médica e descubrimento de fármacos.

PROTAGONISTAS
DEL DÍA



TENDENCIAS
CIENCIA
CULTURA
OCIO



Antonio Banderas
Actor

Tras recoger el pasado sábado el Goya al Mejor Actor Protagonista, Antonio Banderas dijo ayer a EFE camino de Estados Unidos, que viaja "relajado, porque no soy favorito", confesó sereno a días de la gala.



Pastora Soler
Cantante

Pastora Soler está a punto de ser madre por segunda vez, como ella misma ha compartido en algunas de sus redes sociales. Empezó su carrera artística con 8 años versionando coplas y canciones flamencas.



Thomas Markle
Padre de Megan

Thomas Markle, el padre de la duquesa de Sussex, de 74 años, dijo ayer que está dispuesto a testificar contra su hija, Megha en el marco del proceso legal que la exactriz tiene abierto contra tres periódicos.



Yolanda Arencibia
Escritora

Yolanda Arencibia acaba de ganar el Comillas con su biografía sobre Galdós. Es escritora y además profesora de Literatura Española y catedrática por la Universidad de Las Palmas de Gran Canaria.

MARTES
28 DE ENERO DE 2020

EL CORREO GALLEGO

41

Ovación xeral para a catedrática da USC Mabel Loza co seu premio Wonenburger

Concedido pola Unidade da Muller e Ciencia da Xunta de Galicia, foi entregado onte no Hostal dos Reis Católicos



O presidente Feijóo á beira da catedrática de Farmacoloxía Mabel Loza, co Premio Wonenburger. Foto: Antonio Hernández

ROSA CANO
Santiago

Durante o acto de entrega onte en Santiago do Premio María Josefa Wonenburger a Mabel Loza, catedrática de Farmacoloxía de la Universidade de Santiago (USC), a ovación no Hostal dos Reis Católicos foi unánime nun acto con moitos asistentes do eido político, cultural e social.

Na cita, presidida polo presidente do Goberno galego, Alberto Núñez Feijóo, o titular da Xunta aseverou que iniciativas como este galardón achegan ás galegas máis novas referentes, cuxa traxectoria lles di "ti tamén podes facelo".

"Neste premio, que recibe Mabel Loza, convócanos dous consensos: a certeza de que a ciencia é clave para o noso progreso

como sociedade; e o convencemento de que a igualdade tamén é unha panca de desenvolvemento para a ciencia e para o conxunto do país", abundou.

E no tocante á premiada, resaltou o compromiso inquebrantable de Mabel Loza coa importancia da ciencia e do coñecemento para avanzarmos como sociedade. Un compromiso que desenvolve cada día

Responsable do grupo BioFarma USC, é tamén catedrática de Farmacoloxía

É codirectora científica da Fundación Kærtor xunto co tamén profesor Carracedo

desde o prestixioso grupo BioFarma da USC.

"Como Wonenburger, Loza realizou estancias fóra, no seu caso, no Centro Médico Monte Sinaí de Nova York. Pero continuou a súa carreira científica en Galicia, desde a mesma alma máter na que se formou, a USC, e o eco das súas investigación traspasa as nosas fronteiras", expuxo, subliñando ademais a súa participación na creación de tres compañías.

O premio Wonenburger é concedido pola Unidade da Muller e Ciencia da Xunta de Galicia.

1.500 ALUMNOS O presidente do Goberno galego, destacou tamén que máis de 1.500 alumnos de secundaria participaron xa no proxecto para achegar referentes femininos e potenciar as vocacións STEM -ciencia, tecnoloxía, enxeñaría e matemáticas- entre as nenas e mozas para pechar a fenda de xénero nestes estudos.

E precisou que a través desta iniciativa, os rapaces coñeceron referentes femininos en sectores laborais onde aínda non hai paridade de xénero, co obxectivo de concienciar a cada alumno de que poden ser o que queiran ser. E resaltou que, ata hoxe participaron nestas charlas 8 mulleres referentes galegas (entre elas 3 premios Wonenburger) en 13 centros educativos.

"Traballamos e seguiremos traballando con ferramentas coma esta", dixo, referíndose tamén ao Programa galego de muller e ciencia 2016-2020. Nesta liña, lembrou que, se ben a proporción de mulleres matriculadas nas universidades galegas supera en case 11 puntos á dos homes, a súa presenza en Ciencias da Saúde (73%), en Ciencias sociais e xurídicas (60%) e en Artes e Humanidades (66%) é claramente maioritaria,

CURRÍCULO DE PRESTIXIO ACADÉMICO

●●● Mabel Loza é catedrática de Farmacoloxía e responsable do grupo de investigación BioFarma da Universidade de Santiago de Compostela.

●●● Patroa fundadora e codirectora científica da Fundación Kærtor xunto co tamén profesor da USC Ángel Carracedo, Loza conta cunha activa participación en programas públicos e privados no ámbito do descubrimento temperán de fármacos no eido español e europeo.

●●● Foi investigadora en máis de cen proxectos de investigación, en 89 como investigadora principal. Participou en diferentes candidaturas a fármacos que chegaron a ensaios clínicos en pacientes, dentro de programas de transferencia de I+D coa industria farmacéutica.

●●● É autora de diversos libros e capítulos de libros, así como de 162 artigos en revistas indexadas no Journal Citation Report. Supervisou 23 teses de doutoramento coa cualificación máis alta, e 90 traballos de investigación de posgrao.

●●● Tamén é revisora de varias revistas nas áreas de farmacoloxía, química médica e descubrimento de fármacos.